

Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

ACTA DA SESIÓN ORDINAIRA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA VINTE E CINCO DE OUTUBRO DE DOUS MIL ONCE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás dezanove horas e cinco minutos do serán do día vinte e cinco de outubro de dous mil once, reúnese en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Don Juan José Ramos Prieto, Dona María José López Lamigueiro, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmorís Aldao, Don Benigno Galego Castro, Don Alvaro Rodríguez Graña, Don Cándido Eusebio Prieto Lago e Don Roberto Oscar López López, baixo a Presidencia de Dona Ana Rodríguez Montero como Alcaldesa. Actúa de Secretaria Dona Paula Díaz Tie. De seguido pásanse a debate-los asuntos da orde do día:

1. -APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DO PLENO DO DÍA TRINTA DE AGOSTO DE 2011. - Os membros do Pleno non fixeron observacións algunha polo que se considera aprobada.

2. - SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS PARA A S ELECCIONS XERAIS DO VINTE DE NOVEMBRO DE 2011.

Unha vez utilizado o sistema informático facilitado pola Deputación de A Coruña foron elixidas as seguintes persoas como titulares e suplentes para os membros das mesas electorais:

DISTRITO PRIMEIRO - SECCIÓN PRIMEIRA - MESA A

Presidente: María del Pilar López Mouriz

1er. Vocal: Ana María Aneiros Luaces

2º. Vocal: Marcos Castro Díaz

1º. suplt. presidente: Laura Gómez Novo

2º. suplt. presidente: Ana Belén Pena Durán

1r. suplt. vocal 1º: Alba Novo Bouza

2. suplt. vocal 1º: Oscar Martínez Rico

1er. suplt. vocal 2º: Isabel Pérez Prados

2. suplt. vocal 2º: María Cristina Yañez Suárez

DISTRITO PRIMEIRO - SECCIÓN PRIMEIRA - MESA B

Presidente: Lucía López Neira

1er. vocal: Olga Fernández Permuy

2º. Vocal: Luis Mourente Rodríguez

1er. suplt. presidente: Loreto Feros Viñas

2º. suplt. presidente: Modesto Sierra Sierra

1er. suplt. vocal 1º: Eloy López Luaces

2º. suplt. vocal 1º: Juan Bautista Fernández Castrillón

1er. suplt. vocal 2º: Oscar Luaces Díaz

2º. suplt. vocal 2º: Juan Benigno Martínez Villadóniga

DISTRITO PRIMEIRO - SECCIÓN PRIMEIRA - MESA C

Presidente: María José Vidal García

1er. Vocal: Carlos Alberto Abella Bouza

2º. Vocal: Dario Rivas Hermida


1er. suplt. presidente: Mª Amalia Díaz Rodríguez

2º. suplt. presidente: Jesús Salvador López Carballal
1er. suplt. vocal 1º: Marino Antonio Aneiros Santalla
2º. suplt. vocal 1º: M. Jesús Carrodeguas Caneiro
1er. suplt. vocal 2º: Ana Caneiro Campos
2º. suplt. vocal 2º: María Luz Ramos Castro

3. - EXPEDIENTE PARA A DEROGACION E APROBACION DUNHA NOVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE SUMINISTRO DE INTERESE XERAL.

Lida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Dada a comunicación realizada polo Servizo Tributario da Deputación de A Coruña dunha proposta de ordenanza de taxa pola utilización privativa e aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, co gallo de mellora as facultades xa delegadas de recadación da dita taxa e mellorar e ampliar a recadación actual. Tramitado o expediente para a derogación da taxa vixente e a imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa e aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais e incorporado o informe económico preciso, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo: **PRIMEIRO.** Derrogar a ordenanza pola utilización privativa e aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais e aprobar provisionalmente a imposición da taxa e a Ordenanza fiscal reguladora desta nos termos en que figura no anexo deste acordo. **SEGUNDO.** Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición deste no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e formular as reclamacións que consideren oportunas. **TERCEIRO.** Considerar, no suposto de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, sobre a base do artigo 17. 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. **ANEXO: ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL, A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE SUBMINISTRACIONES DE INTERESE XERAL (PARA 2012).** **Artigo 1º. Fundamento e natureza.** Ao abeiro do previsto nos artigos 57, 20 e 24. 1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, régúlase a taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal. **Artigo 2º. Feito imponible.** 1. Constitúe o feito imponible da taxa o desfrute da utilización privativa, ou os aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas ou entidades que utilizan o dominio público para prestar os servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou unha parte importante da veciñanza.

2. O aproveitamento especial do dominio público producirase sempre que para a prestación do servizo de subministración se deban utilizar antenas, instalacións ou redes que materialmente ocupan o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, con independencia de quen sexa o titular daquelas. 3. En particular, comprenderanse entre os servizos referidos nos apartados anteriores, as subministracións de auga, gas, electricidade, telefonía fixa, telefonía móbil e outros medios de comunicación, que se presten, total ou parcialmente, a través de redes e



Concello de Cerdido

(A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

antenas fixas que ocupan o dominio público municipal. 4. O pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza supón a exclusión expresa da exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, necesarios para a prestación dos servizos de subministracións de interese xeral.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos. 1. Son suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, tales como os de abastecemento de auga, subministración de gas, electricidade, telefonía (fixa ou móbil) e outros análogos, así como tamén as empresas que explotan a rede de comunicación mediante sistemas de fibra óptica, televisión por cable ou calquera outra técnica, independentemente do seu carácter público ou privado. Para estes efectos, inclúense entre as empresas explotadoras dos devanditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras destes. 2. Teñen a consideración de suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras a que se refire o apartado anterior, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das cales se efectúen as subministracións coma se, non sendo titulares das devanditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión a estas. 3. Tamén serán suxeitos pasivos da taxa as empresas e entidades, públicas ou privadas, que presten servizos, ou exploten unha rede de comunicación no mercado, conforme ao previsto nos artigos 6 e concordantes da Lei 32/2003, de 3 novembro, xeral de telecomunicacións. 4. Las empresas titulares das redes físicas, ás cales non lles resulte aplicable o que se prevé nos apartados anteriores, están suxeitas á taxa por ocupacións do solo, o subsolo e o voo da vía pública, regulada na Ordenanza fiscal correspondente. **Artigo 4º. Sucesores e responsables.** 1. As obrigas tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas transmitiranse aos socios, copartícipes ou cotitulares, que quedarán obrigados solidariamente ata os límites seguintes: a) Cando non exista limitación de responsabilidade patrimonial, a contía íntegra das débedas pendentes. b) Cando legalmente se limitase a responsabilidade, o valor da cota de liquidación que lles corresponda. Poderán transmitirse as débedas percibidas na data de extinción da personalidade xurídica da sociedade ou entidade, aínda que non estean liquidadas. 2. As obrigas tributarias pendentes das sociedades mercantís, en supostos de extinción ou disolución sen liquidación, transmitiranse ás persoas ou entidades que sucedan, ou sexan beneficiarios da operación. 3. As obrigas tributarias pendentes das fundacións, ou entidades a que se refire o artigo 35. 4 da Lei Xeral Tributaria, en caso de disolución destas, transmitiranse aos destinatarios dos bens e dereitos das fundacións, ou aos partícipes ou cotitulares das devanditas entidades. 4. As sancións que procedan polas infraccións cometidas polas sociedades e entidades ás cales se refiren os apartados anteriores esixiranse aos sucesores daquelas, ata o límite do valor da cota de liquidación que lles corresponda. 5. Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades seguintes: a) As que sexan causantes ou colaboren activamente na realización dunha infracción tributaria. A súa responsabilidade esténdese á sanción. b) Os partícipes ou cotitulares das entidades a que se refire o artigo 35. 4 da Lei Xeral Tributaria, en proporción ás súas respectivas participacións. c) Os que sucedan por calquera concepto na titularidade de explotacións económicas, polas obrigas tributarias contraídas polo anterior titular e derivadas do seu exercicio. Exceptúanse de responsabilidade as adquisicións efectuadas nun procedemento concursal. 6. Responderán subsidiariamente da débeda tributaria: a) Os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas que non tivesen realizado os actos necesarios da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias ata os límites seguintes: - Cando se cometeron infraccións tributarias responderán da débeda tributaria pendente e das sancións. - En supostos de cesamento das actividades, polas obrigas tributarias percibidas, que se encontren pendentes na data de cesamento, sempre que non tivesen feito o necesario para o seu pagamento

ou tiñan tomado medidas causantes da falta de pagamento. b) Os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedades e entidades que non tivesen realizado as xestións necesarias para o cumprimento das obrigas tributarias percibidas con anterioridade. 7. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria. **Artigo 5º.- Servizo de telefonía móbil. - Base impoñible e cota tributaria.** Para determinar a contía da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal por parte dos servizos de telefonía móbil, que precisan utilizar a rede de telefonía fixa instalada neste Municipio, aplicaranse as seguintes fórmulas de cálculo: a) Base impoñible: A base impoñible, deducida da estimación do aproveitamento especial do dominio público polo servizo de telefonía móbil calcúlase:

$$BI = Cmf * Nt + (NH * Cmm)$$

Sendo:

Cmf = consumo telefónico medio estimado, en liñas de telefonía fixa, por chamadas procedentes de teléfonos móbiles. O seu importe para o exercicio 2012 é de 38,37 euros/ ano.

Nt = N° de teléfonos fixos instalados no Concello, no ano 2010, que é de 478


NH = 96% do número de habitantes empadroados no Municipio. En 2010:1. 306

Cmm = Consumo medio telefónico, estimado por teléfono móbil por chamadas de móbil a móbil. O seu importe para 2012 é de 256,75 euros/ano.

b) Cota básica. A cota básica global se determina aplicando el 1,4 por 100 a la base impoñible: QB = 1,4% s/ BI. Cota tributaria/operador = CE * QB. Sendo: CE = coeficiente atribuíble a cada operador, segundo a súa cota de participación no mercado, incluíndo as modalidades de pospago e prepago. O valor da cota básica (QB) para 2012 é de 4. 951,19 euros. c) Imputación por operador. Para 2012 o valor de CE e a cota trimestral a satisfacer por cada operador son os seguintes:

| Operador | CE Cota trimestral | |
|----------|--------------------|-----------------------|
| Movistar | 47,01 % | 581,81euros/trimestre |
| Vodafone | 30,44 % | 376,79euros/trimestre |
| Orange | 17,64 % | 218,35euros/trimestre |
| Yoigo | 3,65 % | 45,18 euros/trimestre |
| Resto | 1,26 % | 15,60euros/trimestre |

As cotas trimestrais a satisfacer polos operadores relacionados son a cuarta parte do importe que resulta de aplicar o coeficiente CE á cota básica establecida no apartado b) deste artigo. Para os efectos de determinar o coeficiente CE, os suxeitos pasivos poderán probar ante o concello que o coeficiente real de participación no exercicio anterior ao de remuneración da taxa foi inferior. Neste caso, as autoliquidacións trimestrais axustaranse aplicando o coeficiente acreditado polo obrigado tributario. **Artigo 6º. - Outros servizos diferentes da telefonía móbil - Base impoñible e cota tributaria.** 1. Cando o suxeito pasivo sexa titular da rede que ocupa o solo, subsolo ou voo das vías públicas, mediante a cal prodúcese o desfrute do aproveitamento especial do dominio público local, a base impoñible está constituída pola cifra de ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal as empresas ou entidades sinaladas no artigo 3 desta Ordenanza. 2. Cando para o desfrute do aproveitamento especial a que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo utilizase redes alleas, a base impoñible da taxa está constituída pola cifra de ingresos brutos obtidos anualmente no termo municipal minorada nas cantidades que deba aboar ao titular da rede, polo uso desta. 3. Para os efectos dos apartados anteriores, teñen a consideración de ingresos brutos procedentes da



Concello de Cerdido

(A Coruña)


Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido

Tlf. 981411000 Fax 981411027

www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por esta como contraprestación polos servizos prestados neste termo municipal, en desenvolvemento da actividade ordinaria; só se excluirán os ingresos orixinados por feitos ou actividades extraordinarias. A título enunciativo, teñen a consideración de ingresos brutos as facturacións polos conceptos seguintes: a) Subministracións ou servizos de interese xeral, propios da actividade da empresa, que corresponden a consumos dos subscritores efectuados no Municipio. b) Servizos prestados aos consumidores necesarios para a recepción da subministración ou servizo de interese xeral propio do obxecto da empresa, incluíndo os enlaces na rede, posta en marcha, conservación, modificación, conexión, desconexión e substitución dos contadores ou instalacións propiedade da empresa. c) Alugueres, canons, ou dereitos de interconexión percibidos doutras empresas subministradoras de servizos que utilicen a rede da entidade que ten a condición de suxeito pasivo. d) Alugueres que han de pagar os consumidores polo uso dos contadores ou outros medios utilizados na prestación da subministración ou servizo. e) Outros ingresos que se facturen polos servizos resultantes da actividade propia das empresas subministradoras. 4. Non se incluírán entre os ingresos brutos, para estes efectos, os impostos indirectos que gravan os servizos prestados nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade que é suxeito pasivo da taxa. 5. Non teñen a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación os conceptos seguintes: a) As subvencións de explotación ou de capital que as empresas poidan recibir. b) As indemnizacións esixidas por danos e prexuízos, a menos que sexan compensación ou contraprestación por cantidades non cobradas que se han de incluír nos ingresos brutos definidos no apartado 3. c) Os ingresos financeiros, como intereses, dividendos e calquera outros de natureza análoga. d) Os traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado. e) As cantidades procedentes de alienacións de bens e dereitos que forman parte do seu patrimonio. 6. As taxas reguladas nesta Ordenanza esixibles ás empresas ou entidades sinaladas no artigo 3 desta Ordenanza, son compatibles con outras taxas establecidas, ou que poida establecer o Concello, pola prestación de servizos ou realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas sexan suxeitos pasivos. 7. A contía da taxa determínase aplicando o 1,5 por 100 á base impositiva definida neste artigo. **Artigo 7º. Período impositivo e remuneración da taxa.** 1. O período impositivo coincide co ano natural salvo os supostos de inicio ou cesamento na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local necesario para a prestación da subministración ou servizo, casos en que procederá aplicar o rateo trimestral, conforme ás seguintes regras: a) Nos supostos de altas por inicio de actividade, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre en que ten lugar a alta. b) En caso de baixas por cesamento de actividade, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos dende o inicio do exercicio, incluíndo aquel en que se orixina o cesamento. 2. A obriga de pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza nace nos momentos seguintes: a) Cando se trata de concesións ou autorizacións de novos aproveitamentos, no momento de solicitar a licenza correspondente. b) Cando o disfrute do aproveitamento especial a que se refire o artigo 1 desta ordenanza non requira licenza ou autorización, dende o momento en que se iniciou o citado aproveitamento. A tal efecto, enténdese que comezou o aproveitamento especial cando se inicia a prestación de servizos aos usuarios que o soliciten. 3. Cando os aproveitamentos especiais do solo, subsolo ou voo das vías públicas se prolongan durante varios exercicios, a remuneración da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural. **Artigo 8º. Réxime de declaración e de ingreso - Servizos de telefonía móbil.** 1. As empresas operadoras de servizos de telefonía móbil relacionadas no artigo 5 desta Ordenanza deberán presentar a autoliquidación e efectuar o ingreso da cuarta parte resultante do que establece dito artigo nos meses de abril,

xullo, outubro e decembro. 2. Outras empresas prestadoras de servizos de telefonía móbil presentarán a súa declaración sobre a base dos parámetros establecidos no artigo 5 e tendo en conta o período de prestación efectiva dos servizos durante o ano 2012. 3. Unha vez concluído o exercicio 2012 os suxeitos pasivos que probaran, en base de datos oficiais, que a súa participación neste período tivese diferido da porcentaxe aplicada para os efectos do cómputo da taxa regulada na presente ordenanza, poderán solicitar a regularización procedente. **Artigo 9º. Réxime de declaración e ingreso - Outros servizos.** 1. Respecto aos servizos de subministración regulados no artigo 6º desta Ordenanza, establécese o réxime de autoliquidación para cada tipo de subministración, que terá periodicidade trimestral e comprenderá a totalidade dos ingresos brutos facturados no trimestre natural ao que se refira. O cesamento na prestación de calquera subministración ou servizo de interese xeral, comporta a obriga de facer constar esta circunstancia na autoliquidación do trimestre correspondente así como a data de finalización. 2. Poderase presentar a declaración final o último día do mes seguinte ou o inmediato hábil posterior a cada trimestre natural. Presentarase ao Concello unha autoliquidación para cada tipo de subministración efectuada no termo municipal, especificando o volume de ingresos percibidos por cada un dos grupos integrantes da base imponible, segundo detalle do artigo 6.3 desta Ordenanza. A especificación referida ao concepto previsto na letra c) do mencionado artigo, incluírá a identificación da empresa ou empresas subministradoras de servizos as que se facturase cantidades en concepto de peaxe. A contía total de ingresos declarados polas subministracións a que se refire o apartado a) do mencionado artigo 6.3 non poderá ser inferior á suma dos consumos rexistrados en contadores, ou outros instrumentos de medida, instalados neste Municipio. 3. As empresas que utilicen redes alleas deberán acreditar a cantidade satisfeita aos titulares das redes co fin de xustificar a minoración de ingresos a que se refire o artigo 6.2 da presente Ordenanza. Esta acreditación acompañarase da identificación da empresa ou entidade propietaria da rede utilizada. 4. Expedirase un documento de ingreso para o interesado, que lle permitirá satisfacer a cota nos lugares e prazos de pagamento que se indiquen. Por razóns de custo e eficacia, cando da declaración trimestral dos ingresos brutos se derive unha liquidación de cota inferior a 6 euros, acumularase á seguinte. 5. A presentación das autoliquidacións despois do prazo fixado no punto 2 deste artigo comportará a esixencia das recargas de extemporaneidade, segundo o que prevé o artigo 27 da Lei Xeral Tributaria. 6. A empresa "Telefónica de España, S. A. U. " á cal cedeu Telefónica, S. A. os diferentes títulos habilitantes relativos a servizos de telecomunicacións básicas en España, non deberá satisfacer a taxa porque o seu importe queda englobado na compensación do 1,9% dos seus ingresos brutos que satisfá a este Concello. As restantes empresas do "Grupo Telefónica", están suxeitas ao pagamento da taxa regulada nesta ordenanza. En particular, Telefónica Móviles España, S. A. esta suxeita á taxa, nos termos regulados no artigo 5 da presente ordenanza. **Artigo 10º. Infraccións e sancións.** 1. A falta de ingreso da débeda tributaria que resulta da autoliquidación correcta da taxa dentro dos prazos establecidos nesta ordenanza, constitúe infracción tributaria tipificada no artigo 191 da Lei Xeral Tributaria, que se cualificará e sancionará segundo dispón o mencionado artigo. 2. O resto de infraccións tributarias que se poidan cometer nos procedementos de xestión, inspección e recadación desta taxa tipificaranse e sancionarán de acordo co que se prevé na Lei Xeral Tributaria, no Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributarias, aprobado por Real Decreto 1065/2007 e na Ordenanza Xeral de Xestión, Inspección e Recadación dos ingresos de dereito Público municipais. 3. A falta de presentación de forma completa e correcta das declaracións e documentos necesarios para que se poida practicar a liquidación desta taxa constitúe unha infracción tributaria tipificada no artigo 192 da Lei Xeral Tributaria, que se cualificará e sancionará segundo dispón o mencionado artigo. **Disposición adicional 1ª. Actualización dos**



Concello de Cerdido

(A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

parámetros do artigo 5º. As ordenanzas fiscais dos exercicios futuros poderán modificar o valor dos parámetros Cmf, Cmm, Nt, NH se así procede. Se non se modifica a presente ordenanza, continuarán sendo de aplicación os parámetros establecidos para o exercicio 2012. Se a presente ordenanza debe ser aplicada despois de 2012, as referencias a este ano, contidas nos artigos 5 e 8, deben entenderse realizadas respecto a cada un dos exercicios en que se aplique a ordenanza.. **Disposición adicional 2ª. Modificación dos preceptos da ordenanza e das referencias que fai á normativa vixente, con motivo da promulgación de normas posteriores.** Os preceptos desta Ordenanza fiscal que, por razóns sistemáticas reproduzan aspectos da lexislación vixente e outras normas de desenvolvemento, e aquelas en que se fagan remisións a preceptos desta, entenderase que son automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos preceptos legais e regulamentarios de que traen causa. **Disposición final** A presente Ordenanza fiscal, aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o vinte e catro de outubro de 2011 e que quedou definitivamente aprobada en data..., rexerá dende o día 1 de xaneiro de 2012 e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, aprobaron a proposta anterior coas emendas seguintes propostas polo Concelleiro Don Roberto O. López López. No artigo 1 e no artigo 2. 1 e artigo 3. 1 supresión na frase, importante veciñanza por so veciñanza e no artigo 2.3 supresión na frase, antenas fixas, da palabra fixas.**

O Concelleiros D. Roberto O. López López fai unha serie de aclaracións e preguntas sobre o contido da ordenanza e en concreto matiza que no artigo 1, no 2.1 e no artigo 3.1 faise referencia a servizos que afecten a xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, entende que se debe suprimir o concepto de importante parte porque non esta definido e pode dar lugar a malas interpretacións dado que non se sabe cal é un parte importante da veciñanza e todos os veciños deben contar. Noa artigo 2.3 falase de que o feito impoñible de antenas fixas que ocupen o dominio público, e aclara que se debe matizar e suprimir a palabra fixas dado que tamén poden ser antenas móbiles e deberían quedar tamén gravadas. Solicita que se lle aclare o contido do punto 4 do artigo terceiro sobre que taxas quedarían excluídas así como o contido do artigo 4.4, sobre que empresas son e a que ordenanza quedarían suxeitas. O artigo 4.5 entende que as empresas en procedemento concursal non responderán das débedas tributarias e subliña e pregunta si o abeiro do disposto no artigo 6. 3 poderíase gravar a actividade de caixeiros automáticos que estean na rúa. Ademais pregunta sobre que norma fai que se regule a compensación a compañía Telefónica e non entende porque esa compañía ten que ter unha regulación especial respecto as outras.

A Alcaldesa solicita que a secretaria aclare os aspectos técnicos preguntados, dos que sinala que para gravar a actividade de caixeiros automáticos debese realizar a través doutra ordenanza fiscal e que as empresas que están suxeitas a esta taxa tamén poden estar suxeitas a outras taxas municipais como de licencias urbanísticas ou documentos administrativos, pero non poden estar suxeitos a mesma taxa dúas veces, así mesmo que é un norma de rango estatal a que regula a compensación de Telefónica cos concellos.


O Concelleiro D. Benigno Galego Castro pregunta a Alcaldía en que se mellora e canto se amplía a recadación.

A Alcaldesa afirma que antes non estaban incluídas as empresas de telefonía móbil.

**4.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE 3/2011 (TERCER TRIMESTRE)
Ó ABEIRO DO DISPOSTO NO ARTIGO 4 DA LEI 15/2010 DE MODIFICACIÓN DA
LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE
LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS. Lido o
informe de morosidade que se transcribe a continuación, déronse por informados todos os
membros do Pleno.**

I. - NORMATIVA APLICABLE. - Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais modificada pola Lei 15/2010, do 5 de xullo. -Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Texto Refundido da Lei de Facendas Locais-Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público. **II. - CONSIDERACIÓNS.** En aplicación do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º.3 e 5º.4, en canto á obrigatoriedade de informar sobre o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pagamento das obrigas, que se concretan no art. 1º.3 e o art. 3º.3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe: O prazo ao que se refire o art. 4º.3 da Lei 15/2010 é o establecido no art. 3º.3 da devandita lei que engade a disposición transitoria 8ª á Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, determinando que: “Entre o 1 de abril de 2011 e o 30 de xuño de 2011, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos **cincuenta días** seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato”. **III.- ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:** Que da execución presupostaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagamentos materiais realizados entre os días 01/07/2011 e 30/09/2011 (terceiro trimestre do 2011) se obtén a seguinte información:**a) Facturas ou documentos xustificativos pagados no trimestre:**

| Pagos realizados no trimestre | Período medio pago (PMP) (días) | Período medio pago excedido (PMPE) (días) | Pagos Realizados no Trimestre | | | |
|---|---------------------------------|---|---------------------------------|---------------|-------------------------------|---------------|
| | | | Dentro do período legal do pago | | Fora do período legal do pago | |
| | | | Número de pagos | Importe total | Número de pagos | Importe total |
| Gastos en Bens Correntes e Servizos | 18,5703 | 0 | 142 | 58. 830,41 | 0 | 0,00 |
| Aplicados a Presuposto (Capítulo 2) por artigos | | | | | | |
| 20- Arrendamentos e Canons | 13 | 0 | 1 | 20,46 | 0 | 0 |
| 21- Reparación, Mantemento e conservación | 21,27 | 0 | 26 | 8121,37 | 0 | 0 |
| 22- Material, Subministro e Outros | 18,14 | 0 | 115 | 50. 688,58 | 0 | 0 |
| 23- Indemnización por razón | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

| | | | | | | |
|--|----------------|----------|------------|-------------------|----------|----------|
| do servizo | | | | | | |
| 24- Gasto de Publicacións | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| 26- Traballos realizados por institucións s. f. de lucro | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| 27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| 2 - Sen desagregar | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Pendientes de aplicar a presuposto | | | | | | |
| Inversións reais | 26 | 0 | 3 | 72,693,15 | 0 | 0 |
| Aplicados a Presuposto (Capítulo 6) | 26 | 0 | 3 | 72693,15 | 0 | 0 |
| Pendientes de aplicar a presuposto | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Outros Pagos realizados por operacións comerciais | | | | | | |
| Aplicados a presuposto | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Pendientes de aplicar a presuposto | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Sin desagregar | | | | | | |
| Aplicados a presuposto | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Pendientes de aplicar a presuposto | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Total | 22,6767 | | 145 | 131,523.56 | 0 | 0 |

b) Intereses de demora pagados no período


| Pagos realizados no trimestre | Intereses de demora pagados no período | |
|---|--|-------------------------|
| | Número de pagos | Importe total intereses |
| Gastos Correntes en Bens e Servizos | 0 | 0 |
| Inversións reais | 0 | 0 |
| Outros Pagos realizados por operacións comerciais | 0 | 0 |
| Sin desagregar | | |
| Total | 0 | 0 |

Que respecto á información relativa ao número e importe de obrigas pendentes nas que se está a incumprir o prazo de pagamento legalmente establecido se resume nos cadros seguintes: a)

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre (art. 4º.3 Lei 15/2010).

| Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ó final do trimestre | Período medio do pendente de pago (PMPP) (días) | Período medio do pendente de pago excedido (PMPP E) (días) | Pagos Realizados no Trimestre | | | |
|--|---|--|---|-----------------|---|---------------|
| | | | Dentro do período legal pago ó final do trimestre | | Fora do período legal pago ó final do trimestre | |
| | | | Número de operacións | Importe total | Número de operacións | Importe total |
| Gastos en Bens Correntes e Servizos | 10,4748 | 0 | 25 | 14,071,98 | 0 | 0,00 |
| Aplicados a Presuposto (Capítulo 2) por artigos | | | | | | |
| 20- Arrendamentos e Canons | | | | | | |
| 21- Reparación, Mantemento e conservación | 9,33 | 0 | 3 | 2,482,58 | | |
| 22- Material, Subministro e Outros | 10,72 | | | 11589,40 | | 0 |
| 23- Indemnización por razón do servizo | | | | | | |
| 24- Gasto de Publicacións | | | | | | |
| 26- Traballos realizados por institucións s. f. de lucro | | | | | | |
| 27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas | | | | | | |
| 2 - Sen desagregar | | | | | | |
| Inversións reais | | | | | | |
| Outros Pagos realizados por operacións comerciais | | | | | | |
| Sin desagregar | | | | | | |
| Total | 10,4748 | 0 | 25 | 14071,98 | 0 | 0 |

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (art. 5º. 4 Lei 15/2010):



Concello de Cerdido

(A Coruña)

Felgasas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es


| Facturas ou docum. Xustificativos ó final do trimestre con máis de tres meses da súa anotación no rexistro de facturas, pendentes de recoñecemento da obrigaón (Art. 5. 4 Lei 4/2010) | Período medio operacións pendentes reconocim (PMOPR) | Pendente de recoñecemento obrigaón | |
|---|--|------------------------------------|---------------|
| | | Número | Importe total |
| Gastos Correntes en Bens e Servizos | | | |
| Inversións reais | | | |
| Outros Pagos realizados por operacións comerciais | | | |
| Sen desagregar | | | |
| Total | | 0 | 0 |

III. - CONCLUSIÓN. É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, propoñendo: - Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia. - Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no art. 5º. 4 da Lei 15/2010. Cerdido, a trece de outubro de dous mil once.
O Tesoureiro. Asdo. Daniel Rodríguez Fraguela. A Secretaria -interventora. Asdo. Paula Díaz Tie

5. -DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA. Lida a relación seguinte, os membros do Pleno déronse por informados.

| Nº | Data | Descrición |
|----------------------|------------|--|
| Agosto 2011 | | |
| 176 | 23/08/2011 | Autorización de uso da área recreativa a Airiños dos Carrís para festival |
| 177 | 23/08/2011 | Contratación de socorrista |
| 178 | 26/08/2011 | Licenza de obra 2011/6/13 a José Miguel Rañal Novo para revestimento de beirarrúas en Abelleira de Arriba, 1 - A Barqueira |
| 179 | 26/08/2011 | Contrato de subministración dunha desbrozadora lateral de brazo telescópico |
| 180 | 29/08/2011 | Orden de pago de facturas |
| 181 | 31/08/2011 | Licenza de obra 2011/8/4 a Rita Sofía Teixeira Alves para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Casanova - A Barqueira |
| Setembro 2011 | | |
| 182 | 01/09/2011 | Altas no Padrón de habitantes en Abelleira de Arriba, 7 – A Barqueira |
| 183 | 01/09/2011 | Aceptación de renuncia de licenza de obras de Carlos Freire Martínez para fundición de beirarrúa en Ulfe de Malados nº 7 – a Barqueira |
| 184 | 01/09/2011 | Autorización de festas do Rosario en Porto – A Barqueira |
| 185 | 01/09/2011 | Autorización de peche de estrada por festas do Rosario en Porto – A |

| | | |
|---------------------|------------|---|
| | | Barqueira |
| 186 | 07/09/2011 | Licenza de obra 2011/6/12 a Vicente Gómez Fraga para portalón, porta, ventá e cheminea en Abruñeiros, 4 - A Barqueira |
| 187 | 09/09/2011 | Orden de pago de facturas |
| 188 | 09/09/2011 | Recoñecemento de trienio a J. Vicente Casal Villasuso |
| 189 | 13/09/2011 | Adxudicación do contrato de obra: Acceso a Campos (Os Casas) e outros |
| 190 | 13/09/2011 | Adxudicación do contrato de obra: Camiño a Rebordaos e outros |
| 191 | 15/09/2011 | Autorización de festas de Dolores en Vila da Igrexa - Cerdido |
| 192 | 15/09/2011 | Autorización de peche de estrada por festas de Dolores en Vila da Igrexa - Cerdido |
| 193 | 15/09/2011 | Autorización de uso da escola da Avispeira a Arumes do Castro para grupos de Baile |
| 194 | 15/09/2011 | Autorización de uso da escola da Avispeira a Arumes do Castro para curso de pintura |
| 195 | 16/09/2011 | Autorización de uso do Castro a Airiños dos Carrís para ensaios |
| 196 | 22/09/2011 | Devolución de garantía das obras de reparación do vial de accesos ó campo de fútbol |
| 197 | 22/09/2011 | Devolución de garantía do contrato de asesoramento urbanístico |
| 198 | 22/09/2011 | Solicitude de prórroga para a execución da obra: Camiño Covelo – Mestas, Santa Lucia e outros |
| 199 | 27/09/2011 | Altas no padrón de habitantes en Chao, 7 A - Cerdido |
| 200 | 29/09/2011 | Autorización de cambio de titular de licenza de apertura de mesón en Felgasas 67 |
| 201 | 29/09/2011 | Aprobación da certificación nº 2 da obra: Abastecemento de auga a varios núcleos (Rocha Carballeiro e outros) |
| 202 | 29/09/2011 | Autorización de uso do Castro a Arumes do Castro para xuntanza de amizade |
| 203 | 30/09/2011 | Contratación de auxiliar de axuda no fogar |
| Outubro 2011 | | |
| 204 | 04/10/2011 | Altas no padrón de habitantes en Abelleira de Arriba, 7 – A Barqueira |
| 205 | 06/10/2011 | Autorización de festas do Pilar en Porto – A Barqueira |
| 206 | 06/10/2011 | Autorización de peche de estrada por festas en Porto – A Barqueira |
| 207 | 06/10/2011 | Concesión de prestación básica de axuda no fogar |
| 208 | 06/10/2011 | Autorización de uso do pavillón municipal para a celebración dun aniversario infantil |
| 209 | 07/10/2011 | Licenza de obras 2011/6/14 a Pablo Casas Cibreiro para peche de parcelas en Xiao - Cerdido |



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

| | | |
|------|------------|--|
| 210 | 07/10/2011 | Expediente para a incorporación de remanentes existentes no presuposto económico de 2010 ó presuposto do 2011 |
| 211 | 14/10/2011 | Orden de pago de facturas e nóminas |
| 212 | 17/10/2011 | Expediente de modificación de crédito número 07/11. Xeneración de crédito |
| 213 | 17/10/2011 | Licenza de obras 2011/6/15 a Juan Martínez Purriños para muro de peche en Domende, 8 - Cerdido |
| 213a | 17/10/2011 | Expediente de modificación de crédito 8/2011. Transferencia de crédito |
| 214 | 17/10/2011 | Altas no Padrón de habitantes en Casanova, 6 – Os Casás |
| 215 | 17/10/2011 | Altas no Padrón de habitantes en Travesas, 2 – Os Casás |
| 216 | 18/10/2011 | Contrato de subministración de composteiros e xornadas informativas |
| 217 | 18/10/2011 | Aprobación da certificación nº 3 e final, da obra: Abastecemento de auga a varios núcleos (Rocha Carballeiro e outros) |
| 218 | 18/10/2011 | Autorización de uso da Escola dos Casás a M ^a Sol Santalla Dopazo |
| 219 | 18/10/2011 | Orden de pago de facturas e nóminas |

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro solicita aclaración sobre o contido dos seguintes decretos.

Nº 198. - Solicitud de prorrogación de prazos, a empresa cumpre os prazos. A Alcaldesa afirma que se solicitou unha prorrogación por si non se podía executar en tempo e non perder a subvención pero pensa que se vai a acabar a tempo solo falta a ponte no río.

Nº 212.- En que consiste a modificación do presuposto. A Alcaldesa afirma que se trata de incorporar a subvención para a adquisición dos composteiros, de o redor de sete mil euros.

O Concelleiro D. Cándido Prieto Lago solicita aclaración dos seguintes decretos:

Nº 216.- sobre o contrato dos composteiros, se invitaron a tres empresas, e solicita que se aclare si o representante de Todoverde veu fai tempo o concello e se sabe se esta empresa lle subministra a mais concellos. A Alcaldesa afirma que non se invitou a mais empresas dado o importe do contrato e o pouco tempo que habia e que tivo contactos co representante antes para saber como funcionaban os composteiros e que non sabe que concellos teñen a subvención e en que a concellos subministra tamén.

O Concelleiro D. Roberto O. López López solicita que se aclare en que consiste este subministro de composteiros se a subvención e do 100%. A Alcaldesa afirma que se trata de distribuír cen composteiros, xunto a unhas charlas informativas e anuncios en presa e distribución de bandos, se hai mais demandantes que composteiros, se repartiran por orden en que se inscribiron, o concello debe financiar o IVE, o que se pretende e reducir o peso da bolsa negra..

6. - MOCIONS DE URXENCIA. Non se propuxeron.

7. -ROGOS E PREGUNTA.

O Concelleiro D. Roberto O. López López pregunta a Alcaldía sobre o colector de vidro da Chaiña que leva moito tempo cheo e roto. A Alcaldesa afirma que xa informou a empresa desde fai tempo pero esta empresa non funciona moi ben.

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro fai a seguintes preguntas.

1. A limpeza das pistas como se fai, por tempo ou por necesidade, e se os veciños o piden, aténdese? A Alcaldesa aclara que as pistas límpanse todos os anos e que se empeza no mes de maio pola parroquia de Os Casas, logo por A Barqueira e por último Cerdido así mesmo sólese facer primeiro as rutas de trasporte escolar.

2. A Pista de Boucido, que se fixo cos sobrantes e a escombreira, dado que están na Fraga dos Casás e nun monte dun veciño solicita que se controlen os vertidos das obras así mesmo pon de manifesto que as taxas desta pista quedaron mal e solicita que se revisen. A Alcaldesa aclara que o encargado de retirar os sobrantes foi a empresa Mantiñan e cree que os levou a súa canteira.

3. Os contedores de lixo se limpan, e con que frecuencia? A Alcaldesa responde que se limpan unha vez o ano, pero que este ano non se fixo.

4. As canalizacións novas de auga levan boca de rego, dado que sería algo beneficioso para os núcleos? A Alcaldesa responde que non figuran no proxecto e pensa que non dá a sección da tubeira para as mangueras. O Concelleiro D. Roberto Oscar López López asume o rogo e pensa que sería beneficioso para os veciños nunha situación de emerxencia sempre que se deixe unha manguera no lugar.

5. O tema do reciclado de aceites como está? A Alcaldesa afirma que non se concedeu a subvención solicitada.


6. O Peche do Colexio e a caseta como esta? E manifesta que a caseta é un perigo para os nenos e polo menos debese valar e se non hai subvención debese acabar tirando. A Alcaldesa afirma que a rede veu esta semana e que se solicitou unha subvención para a caseta pero non foi concedida.

7. Que demandas se formularon no Concello Escolar, falou-se da caseta? O Concelleiro D. José Esmorís Aldao, engade que non se falou nada da caseta e que se pediu a reparación dunha fiestra.

8. Se van a entregar os modificados das obras que solicitamos nun pleno por parte do técnico municipal? A Alcaldesa afirma que agora hai unha Arquitecta como técnico municipal e que preguntará a empresa se están estas modificacións.

9. Que horario de atención o público teñen os traballadores municipais? Por que hai diferenza entre os horarios dos traballadores? Se lles paga horas extraordinarias? A Alcaldesa responde que o horario de atención o público é de 9 a 14:00 horas pero os traballadores están de 8 a 14:00. E algúns traballadores teñen outro horario porque veñen polas tardes a traballar ou a abrir a casa da cultura e a aula informática e que o mellor fan mais horas das establecidas, non se pagan horas extras se non que se compensan por tempo, se os peóns traballan mais tempo por unha avaría, collen horas doutro día.

10. En que consiste as axudas para abastecemento de auga que se publicaron no xornal? A Alcaldesa afirma que aínda non lle chegou a confirmación oficial da Deputación.



Concello de Cerdido

(A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

11. Fálase que se vai a poñer un depósito de plástico en Río Vello e pensase que non é o lugar idóneo. A Alcaldesa aclara que se pretende recuperar uns terreos abandonados e realizar un depósito de plásticos agrícolas.
12. Que se vaia a facer coa subvención de amigos da feira? A Alcaldesa afirma que vai esperar a que se acabe o ano para decidilo.
13. No almacén que se pretende realizar nos Casas, que problemas hai? A Alcaldesa afirma que se está modificando o proxecto, quitando unhas fiestras grandes e moi custosas e se solicitou unha prorroga que foi concedida ata o ano 2012.
14. As débedas de Fenosa de o redor de 8000 euros como están? A Alcaldesa responde que corresponde a débedas do tempo do Klaus e que se negociou con eles para que nos condonaran esta débeda pero como a empresa cambiou, intentárase negociar de novo.
15. Que pasou co lodo da depuradora que se tirou en Castrillón? Cada canto tempo de limpan as depuradoras? Que se fai cos residuos? A Alcaldesa afirma que foi algo puntual porque o tractor tivo un problema e que a limpeza faise cada 15 días ou tres meses e cos residuos as veces se meten na bolsa negra e se tiran no camiión do lixo.

Tamén fai os seguintes **Rogos**, para poder incluír no POS 2012:

Uns farois en Os Casás, Casanova. Luz pública nos Pereiros. Alumeado público en Seixas que aínda hai unha casa con luz enganchada no seu contador, hai unha casa en Felgosas do Medio sen luz e a rede de sumidoiros en Freis e Requeirolongo o lado esquerdo dirección Cedeira así como auga na Casilla.

A Alcaldesa afirma que é un mal momento para ampliar o alumeado público porque o que intentamos é reducir a factura da enerxía eléctrica. A luz dos Pereiros está cambiada e descoñece a casa de Seixas, en canto a rede de sumidoiros en Requeirolongo é moi complicado tecnicamente.

Roga que se amaíne a estrada de titularidade da Xunta nos Casás. A Alcaldesa afirma que xa trasladou a petición á Xunta.

Nos orzamentos da Xunta non se dedica nin un euro a Cerdido, poderíase pedir o amaíño do centro de saúde, reparación do tellado ou a rede do colexio.

Roga que se retome a normativa da saca de madeira polas pistas municipais.

E non habendo mais asuntos que tratar e sendo as vinte e un horas e dez minutos do día vinte e cinco de outubro de 2011 a Presidencia deu por rematada a sesión. Do que eu como Secretaria dou fe:

A Alcaldesa

A Secretaria

Asdo. Ana Rodríguez Montero

Asdo. Paula Díaz Tie